

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUROS O 28 DE FEBREIRO DE 2019

Carácter: Ordinario

Convocatoria: Primeira

Hora de Comezo: 20.30 h

Hora de remate: 21.25 h

Asisten:

Alcaldesa: Da. M<sup>a</sup> Xosé Alfonso Torres (CxG)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

Da. M<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero (PP)

Da. Alianza Uhía Patiño (PP)

D. José Vázquez Rama (PP)

D. José Ángel Hermida Simil (PP)

Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

Da. Caridad González Cerviño (PSOE)

D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)

Da. M<sup>a</sup> del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Manuel María García Fernández (BNG)

Da. Paula Simal Mayo (BNG)

Interventor: D. Fernando Abraldes Rois

Secretaría, en acumulación: Rosa Ana García Fernández

## **I. PARTE RESOLUTIVA**

1.- Aprobación se procede, das actas sesións anteriores

Actas das seguintes sesións:

Pleno de 25 outubro 2018, aprobada coas abstencións por ausencia do Sr. Uhía e o Sr. Vázquez Rama, resto a favor.

Pleno do 27 setembro de 2018, unanimidade.

Pleno do 31 xaneiro de 2019, abstención por ausencia da Sra. Maneiro, resto a favor, solicitando o voceiro do g.m. BNG que se corrixa o apelido da integrante do seu grupo que é Simal e non Simil.

## DA COMISIÓN DE FACENDA E PERSOAL

### **2.- Ditame sobre acordo de abono retribucións en situación de I.T.**

A Sra. alcaldesa explica brevemente a proposta ditaminada neste punto, manifestando que na Comisión informativa formulouse a posibilidade de outorgar efectos retroactivos a 1 de xaneiro deste acordo, non obstante, isto tería moi difícil xustificación polo que debe manterse a proposta inicial.

Abre o debate a Sra. Monteagudo: “É unha pena que non se trouxese a tempo este asunto a Pleno para que tivese efectos desde o 1 de xaneiro.”

A Sra. González, voceira do g.m. PSOE, manifesta que votarán a favor.

O Sr. García, g.m. BNG, intervén: “Pedimos desculpas por non asistir á informativa e queremos facer unha reflexión para a próxima lexislatura e é que entre todas e todos intentemos que os horarios das reunións sexan a horas nas que poidamos participar todas as persoas. Sobre o punto da orde do día, estamos a favor.”

A alcaldesa intervén manifestando: “Os horarios das Comisións informativas foi falado entre todos os grupos e cambiáronse as horas a peticións dos/as voceiros.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda:

- Garantir ao persoal do Concello de Muros incluído no R.X. da Seguridade Social, sexa funcionariado ou laboral, un complemento retributivo dende o primeiro día de I.T. que sumado á prestación do R.X. da S.S. alcance o 100% das retribucións que o persoal teña acreditadas no mes de inicio da incapacidade mencionada.

- Declarar sen efecto calquera acordo anterior contrario a esta proposta.

### **3.- Ditame Expediente de transferencia de crédito entre partidas, núm. 352/2019**

A Sra. alcaldesa resume brevemente o contido da proposta, ditaminada favorablemente na Comisión informativa correspondente.

Iníciase o debate coa intervención da Sra. Monteagudo, voceira do g.m. PP: “Antes de nada pedimos que se corrixa no ditame da comisión o sentido do noso voto, pois abstivémonos.”

Propónse unha modificación para a licitación da primeira parte do Cine París e di o Sr. interventor no seu informe que as partidas que se minoran non se ven afectadas pero din tamén que con isto vaise en contra

da regra de gasto polo que vai ser preciso incrementar prezos públicos e taxas. Isto é unha vez máis mostra da súa incapacidade de non facer os orzamentos. Unha mala xestión que pagamos todos e todas. Coa proximidade das eleccións espílese e empeza a sacar as obras o que pon de manifesto que antes non o fixo non se sabe se por *pasotismo* ou por esperar a precampaña.”

Na súa quenda a voceira do g.m. do PSOE, a Sra. González expón: “Estamos de acordo con que se fagan as obras o antes posible pero con esta transferencia tráense problemas. Se tivesen aprobados os orzamentos outra cosa sería. O interventor di que pode minorarse esas partidas, claro, estamos a primeiros de exercicio, pero si miramos para atrás vemos que as partidas non chegan ao final de ano. Ims a abstermos porque queremos que se fagan obras, pero non hai partidas para nada, as consecuencias xa son malas e non as imos a empeorar. Non é normal que se governe a golpe de decreto e de transferencia de crédito. Nós fixemos presupostos no 2015 e nel gardouse unha partida para achegas a plans provinciais. Tiran daquel orzamento e precisan transferencias de crédito.”

Intervén a continuación o voceiro do g.m. do BNG, o Sr. García: “Estamos a favor deste asunto pero cremos que o apropiado é que os orzamentos estivesen aprobados. Ogallá que antes da próxima legislatura se empece a retirar polo menos os *andamios* do Cine París.”

A voceira do g.m. PP volve a intervir para anunciar a abstención do seu grupo.

A Sra. alcaldesa manifesta: “Votaremos a favor para que a obra empece o antes posible. Foi un POS con moita achega municipal fixéronse esforzos para incluír obras precisas.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno co voto a favor dos integrantes de CxG (3) e BNG (2) e a abstención do resto dos integrantes do Pleno, acorda:

Primeiro. Aprobar provisionalmente o expediente núm. 352/2019 de transferencias de créditos entre partidas incluídas en distintas áreas de gasto segundo o seguinte detalle:

Partida	Expresión	Incrementos	Minoracións
19/011.31000	Intereses de préstamo a longo prazo		9.000,00
19/011.31001	Intereses de préstamo a longo prazo		2.000,00
19/011.31002	Intereses de préstamo a longo prazo		1.000,00
19/011.31003	Intereses de préstamo a longo prazo		3.000,00
19/011.91301	Amortización préstamo a longo prazo		20.000,00
19/150.22710	Traballos realizados por outras empresas e profesionais.		10.000,00
19/170.22114	Subministracións		3.000,00
19/333.63200	Outros investimentos de reposición. Rehabilitación antigo cine París para centro cultural 1ª fase	57.000,00	
19/432.22615	Gastos diversos. Publicidade e propaganda		2.000,00
19/450.13100	Retribucións persoal laboral temporal		5.000,00
19/920.22000	Material ordinario non inventariable		2.000,00
	TOTAL	57.000,00	57.000,00

Segundo. Proceder a exposición ao público deste acordo provisional no BOP, na sede web do Concello de Muros, no portal da transparencia e no taboleiro de anuncios da entidade durante un prazo de 15 días hábiles, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar a documentación posta a disposición e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado período non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público. As reclamacións consideraranse denegadas, en calquera caso, se non se resolveran no acto de aprobación definitiva. A modificación, definitivamente aprobada, será inserida no BOP e resumida por capítulos con expresión dos créditos iniciais, as modificacións e os créditos definitivos, entrando en vigor a partir da data da súa publicación.

Terceiro. Dar traslado a Tesourería, a Intervención municipal e ao Negociado de Contabilidade.

## **II. MOCIÓNS URXENTES**

A Sra. alcaldesa pregunta de acordo co establecido no ROF, se algún grupo quere someter a consideración por urxencia algunha moción, presentando unha o g.m. do PSOE sobre o 8 de marzo.

A voceira do g.m. do PSOE xustifica a urxencia da moción “porque antes do día 8 de marzo non hai máis plenos e como criamos que entre todos os grupos se ía redactar un documento conxunto, e non foi así, traémolo nós”.

A voceira do PP manifesta: “Noutros casos semellantes considerouse que as datas eran fixas e esta proposta puido ser presentada antes do Pleno.”

O voceiro do g.m. do BNG manifesta: “A nós votáronnos en contra moitas veces por vir a Pleno con casos similares e cremos que na situación actual esa moción crispa máis os ánimos. Está presentada fóra de prazo e feita ás présas. Votaremos en contra da urxencia.”

A Sra. alcaldesa expón: “Concordo en que había tempo para traela a Pleno. Estamos a redactar un manifesto para o 8 de marzo e queremos consensualo cando estea o borrador.”

O resto dos grupos amósanse conformes ao respecto, mantendo o g.m. PSOE a presentación da moción.

Sométese a continuación a votación a urxencia da moción, votando a favor dela os catro representantes do g.m. do PSOE, dous en contra do g.m. BNG e o resto abstense.

Ao non acadar a maioría absoluta de votos (7) requirida pola lei para declarar a urxencia, a moción non é tratada.

## **III. PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO**

**4.- Dar conta para coñecemento, das Resolucións de Alcaldía da núm. 1 á 99 do ano 2019 e das Xuntas de Goberno Local de 23 de novembro 2018, 30 novembro 2018, 28 decembro 2018, 11 xaneiro 2019 e 31 xaneiro 2019.**

O Pleno queda informado.

**5.- Rogos, preguntas e mocións ( Art. 46.2 da Lei 7/85)**

A alcaldesa dá resposta ás preguntas que lle foron formuladas no anterior Pleno:

“En canto ás preguntas do g.m. PP:

1. Demandas de traballadores/as: Hai varias demandas, pois o persoal temporal que levaba no Concello varios anos traballando, ao pouco de chegarmos ao goberno municipal falou comigo para regularizar a súa situación e comuniquéilles que o concello, de oficio, non podía recoñecer a súa condición de persoal indefinido, polo que este decidiu acudir ao xulgado a reclamar a súa condición de persoal indefinido. Xa chegaron varias sentenzas e outros procesos están pendentes de xuízo ou sentenza.
2. Sobre a factura de Greental S.A. contestará o Sr. Quintela que explica que é pola implantación dunha aplicación de comunicación de incidencias pola veciñanza.
3. Contestará o Sr. Quintela, Cine París: Era unha factura cun importe incorrecto, acordáronse unhas tarifas do aluguer dos *andamios* e pasado o primeiro ano deberían de diminuír e presentáronse igual polo que a factura foi devolta e entregouse coa contía correcta.
4. Perdéronse cartos de SAF? Segundo me informan de Servizos Sociais, que é quen se encarga destas axudas, non perdemos nada e xustificamos todo o que nos concederon.
5. Diferentes tratamentos monitorios: En cada caso déuselles o tratamento indicado por Secretaría e Intervención, e é certo que se deron distintos tratamentos debido á diversidade de criterios das persoas que estaban en cada momento nese posto.
6. Cobertura vacantes- criterios: Sempre os que permiten garantir que a cidadanía estea atendida, cando é posible a realización dun novo proceso selectivo coa realización deste e cando non, tirando das listas que quedaron operativas de anteriores procesos selectivos.
7. Obras cámping A Vouga: Polo que sabemos pequenas obras de mantemento e reparación como poda, limpeza, arranxo de duchas, cambios de portas...
8. Luces paseo de San Francisco: Tentaremos poñelas en breve, temos orzamentos pedidos pero coa nova lei de contratos leva tempo.
9. San Francisco: Os pregos están listos para a próxima Xunta de Goberno Local.
10. Presentación Proxecto GALP? Si, nesta convocatoria, un para o desenvolvemento da Mariña Tradicional.”

“En canto ás preguntas do g.m. PSOE:

1. Números de reparos neste Pleno: Todos os que vostede puido ver.
2. Números de reparos na lexislatura: Todos os inevitables.
3. Débeda do cámping: Pendente de que me dean o dato de Intervención e Tesourería.
4. Trámites reclamación Espina e Delfín: Diríxase ao actual presidente da Mancomunidade da auga que lle ten a información actualizada.”

“Sobre as preguntas do g.m. BNG:

1. Brigadas forestais: Si.
2. Estado RPT: Traballando co persoal na valoración dos postos de traballo.
3. Licitación obra POS: As licitacións estanse sacando a medida que van estando listos os pregos e as dotacións económicas (achega municipal).
4. Rescataranse máquinas cine? Si.
5. Illa da Creba: Seguimos sen saber nada.
6. Luces no Xosé Luís Varela: Xa están.
7. Televisión e Internet na Abelleira: Igual, aínda que apareceu unha nova oportunidade para a TV cun terreo na que estamos traballando.
8. Pregos San Francisco: Están listos, van á próxima XGL.”

Seguidamente formula preguntas a voceira do g.m. do PP, a Sra. Monteagudo:

1. Respecto dos decretos e acordos da XGL: A documentación está incompleta, o Decreto 2019/61, do 22/01 de prórroga orzamentaria, faltan as páxinas 2 e a 4 do decreto. Tamén faltan páxinas dos decretos 62, 63, 64, 65, 67, 68, 70, 71, 72, 75, 76, 77, 78, 85, 86, 88 (solicitude fondo compensación ambiental), 93, 94, 95, 96, 97, 98 (aprobación de nómina). Rogamos nos entreguen a documentación completa.
2. En relación coa aplicación de xestión de incidencias que comunica a veciñanza (factura Green Tal), gustaríanos saber se está operativa, porque non a vimos.
3. Na obra do camiño de Torea quedaron sen colocar algúns elementos, como reixas e a recollida das augas que van polo camiño abaixo. Gustaríanos saber se xa vai quedar así ou se van recoller.
4. Pódenos dicir cando se instalaron as luces de Nadal?
5. Que pasa cos pagamentos dos trienios aos/ás traballadores/as, díxonos en varias ocasións que este tema xa estaba resolto, que se ían ir pagando por orde de antigüidade, pero chégannos queixas reiteradas. Que están facendo, Sra. Alfonso?
6. Preguntamos en varias ocasións pola escola de Serres, quen é a persoa titular da edificación e a que se dedica, volvemos a reiterar a pregunta.
7. Por que non colgan as actas do Pleno na web? Rogamos que o fagan, dende xullo do 2018 están sen publicar.

8. Teñen pensado reparar as lousas soltas do paseo dende a Virxe do Camiño ata o peirao? Houbo xa varias caídas, e supoñen un perigo grave para as persoas.
9. Pode garantirmos que o concello cumpre todos os requisitos para poder ser beneficiario das axudas do fondo de compensación ambiental e das de creación e mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, que acordou pedir nos decretos 88 e 92? Estamos a falar dun total de 130.271,91 euros
10. Na web do Concello publícase un anuncio do 4 de decembro para contratar servizos para impartir actividades nos centros educativos fóra do horario escolar, din que se van impartir de xaneiro a maio incluídos, xaneiro alá foi, e febreiro tamén, e non vimos a resolución deste procedemento. Xa está contratado o servizo? Xa se iniciaron as clases? Se non fora así, cando pensan facelo?
11. No DOG do 10 de xaneiro publicouse a convocatoria de axudas a concellos para mellora de infraestruturas nos parques empresarias que cobren ata o 80% do investimento. Presentaron algún proxecto para cubrir as moitas necesidades que ten o parque?
12. Hai máis dun ano que na beirarrúa que baixa ao colexio de Esteiro hai un furado bastante perigoso para os peóns. Teñen pensado amañalo?
13. Que problema hai para facer conexións á rede de auga potable en Ventín?

A alcaldesa responde que as contestará no seguinte Pleno.

Pregunta a continuación a voceira do g.m. do PSOE, a Sra. González:

1. Cantas demandas de traballadores/as ten o Concello? Gustaríanos que as contara e nos dixera cantas son.
2. Dixo que algúns xa teñen sentenza pero non dixo que algunha persoa pediu a execución de sentenza e hai multas coercitivas para o Concello, quen as vai pagar?
3. Hai outra demanda que lle obriga a repoñer ao traballador no seu posto de traballo, que pasa con isto?
4. Que criterios son os que di Secretaría para non pagar os monitorios?
5. Queremos saber o que debe o cámping a Vouga e se está vencido ou non o contrato.
6. Comprouse un programa informático de 15.000 € e queremos saber se funciona.
7. Rogámoslle que limpe as rúas do casco vello que están verdes e levan así catro anos.
8. Queremos saber se se van a tomar medidas co lixo dos cans nas rúas.
9. O domingo é o día das comparsas e dan chuvia, ten pensado que facer co desfile?
10. Queremos que comunique que o grupo do PSOE non ten representante no xurado das comparsas.

A alcaldesa manifesta que contestará no próximo Pleno.

A continuación o voceiro do g.m. do BNG formula as seguintes preguntas:

Estamos hoxe celebrando o que posiblemente será o penúltimo pleno desta lexislatura. Unha lexislatura, que nós xa valoramos nos pasados plenos como moi difícil, non so para a práctica do goberno en si, se non difícil ata para as que intentamos ser unha ferramenta útil para o pobo de Muros desde a oposición nestes catro anos. Consegúronse feitos durante estes catro anos moi importantes, como aprobar a reforma do Cine París, importantes inversións realizadas en saneamento, ou a tan ansiada remodelación do Paseo de Esteiro. Pero estes feitos, son en si a anécdota no que foi a realidade diaria da vida municipal nesta lexislatura. Dicíamos desde o bng fai catro meses, que aínda quedaba tempo para mudar a situación, solucionando algúns dos moitos temas que temos sobre a mesa esperando que se arranxen, para poder dicir que a lexislatura non fora unha lexislatura perdida. Temos unha recua de problemas e asuntos menores e non tan menores, pendentos desde fai meses de poder expoñelos aquí, mais a estas alturas, entendemos que non ten sentido seguir a pedir solucións a quen non foi capaz de solucionar practicamente, ningún dos problemas que puxemos enriba da mesa nestes catro anos. Problemas, que non sempre requirían grandes investimentos, ou grandes acordos unánimes, requirían unicamente, capacidade para traballar ordenadamente. Sabemos que foi unha lexislatura con grandes deficiencias técnicas e humanas, pero hai unha chea de cousas, como este ferro nos columpios do Furón, do que denunciámos o seu perigoso estado fai xa case tres anos, non precisaba de Interventores nin Secretarios para amañalo. Tres anos señora alcaldesa, e segue igual que a primeira hora.

Falamos do Noitebús, ata chegar a traer unha moción que foi aprobada no primeiro ano de mandato. Está metida nun caixón.

Falamos da RPT, vaise aprobar a RPT nestes dous meses que vos queda gobernando?

Falamos do ADSL e do sinal da TV en Abelleira e Torea, do pau da baixada a Ventín, que xa estaba solucionado fai dous anos e segue no mesmo sitio, dos pregos do Bar Sanfrancisco.

Denunciamos reiteradamente que se están a levar a cabo obras ilegais na okupada Illa da Creba.

Pedimos unha e outra vez que se trouxeran a debate uns orzamentos, aínda estamos a tempo señor concelleiro de Facenda, aínda estamos a tempo.

Temos aprobadas as obras do Cine, do Chalón, do Campo de Fútbol de Miraflores e tantas outras que seguen sen executarse nin teñen pinta de que se vaian a executar a curto prazo.

Queremos saber, en definitiva, se nestes dous meses, habedes de ser capaces de deixar a casa minimamente arrombada...

A alcaldesa manifesta que contestará no próximo Pleno.

Non existindo más asuntos dos que tratar, levántase a sesión. Do tratado nela, dou fe.

Vo e Pce, A Alcaldesa

A secretaria en acum.